

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 1
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------


DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tñpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



Celga



1




Proba A1

Vostede adoita quedar todas as fins de semana cun grupo de amigos. Logo de escoitar a axenda cultural dun programa da radio local, decide enviarlles unha mensaxe para propoñerlles un plan para a fin de semana. Nesta **mensaxe**, de **150 palabras**, vostede debe:

- Saudalos e dicirlles o motivo polo que lles escribe.
- Describirlles, como mínimo, dúas propostas de ocio para a fin de semana, indicando lugar e horario.
- Dicirlles cal das dúas propostas lle gusta máis a vostede e por que.
- Despedirse, pedíndolles a súa opinión.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answer to the exam question.

Proba A2

Vostede fai 40 anos o mesmo día ca un amigo seu e decidiron celebralo xuntos, invitando algúns amigos a cear. O seu amigo envíalle a seguinte mensaxe electrónica. Despois de lela, ten que responderlle con outra **mensaxe electrónica de 150 palabras**, na que vostede deberá:

- Saudalo, contestando as preguntas que el lle fai.
- Escoller un dos lugares que el propón e explicarlle por que.
- Dicirlle cal das opcións de menú prefire vostede e por que.
- Despedirse, ofrecéndolle máis axuda para concretar o encontro.

De:	mario.varela@correo.com
Para:	eu.galicia@correo.com
Asunto:	Aniversario

Ola:

Que tal estás? Que andas facendo? Eu, moi ocupado coa mudanza e co traballo. Só faltan quince días para a cea e necesito a túa axuda para decidir unhas cousas. Como non o queres facer nun restaurante, temos dúas posibilidades: podemos reservar o local social do meu barrio (está ben e é económico) ou facer a reunión no baixo da casa dos meus pais. Non temos que pagar nada, pero paréceme un pouco pequeno.

Dime cal destes lugares prefires e escolle tamén un dos menús que van con esta mensaxe (será o mesmo para calquera dos lugares e o prezo inclúe a comida e mais o servizo dun camareiro). Contéstame axiña porque teño que facer a reserva e comunicarllo a todo o grupo.

Un bico e ata loguiño!

MENÚ 1

Melón con xamón
Lacón prensado
Croquetas de marisco

Fideos mariñeiros con ameixas e bacallau

Solombo ao queixo con patacas e
verduriñas grelladas

Crema especial de chocolate con
xeadado de vainilla
**

Café e licores

(Bebidas: augas minerais, refrescos, viños
branco Albariño e tinto Mencía)

Prezo por persoa: 29€ (IVE incluído)

MENÚ 2

Táboa de ibéricos
Polbo grellado
Empanada de vieira e bacallau

Salpicón de marisco


Entrecosto de tenreira ao viño con
patacas laminadas

Torta de améndoas e noces con sorbete
de amorodo
**

Café e licores

(Bebidas: augas minerais, refrescos, viños
branco Albariño e tinto Mencía)

Prezo por persoa: 35€ (IVE incluído)



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for writing the answer to the A2 test question.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.